

# Carácter Propio

das Obras Educativas

# La Salle



La  Salle



***O Carácter Propio das Obras Educativas La Salle é un documento que plasma os sinais da súa identidade. Expressa os seus desexos de transformar a sociedade por medio da educación e recolle os principios que dan sentido á súa Misión Educativa.***

© La Salle Ediciones  
Marqués de Mondéjar, 32  
28028 MADRID

Impreso en Villena Artes Gráficas  
Depósito legal: (M-23516-2014)  
Printed in Spain

Reservados todos os dereitos. Quedan rigorosamente prohibidas, sen o permiso escrito dos titulares do copyright, a reprodución ou a transmisión total ou parcial desta obra por calquera procedemento mecánico ou electrónico, incluíndo a reprografía e o tratamento informático e a distribución de exemplares mediante aluguer ou préstamo públicos.

# ***Índice***

---

|                                                   |                  |
|---------------------------------------------------|------------------|
| <i><b>1.- Orixe da Escola Lasaliana.....</b></i>  | <i><b>05</b></i> |
| <i><b>2.- A nosa identidade e Misión.....</b></i> | <i><b>07</b></i> |
| <i><b>3.- Estilo educativo.....</b></i>           | <i><b>09</b></i> |
| <i><b>4.- A Comunidade Educativa.....</b></i>     | <i><b>17</b></i> |
| <i><b>5.- Participación na xestión.....</b></i>   | <i><b>21</b></i> |









# 1. Orixe da Escola Lasaliana

As Obras Educativas La Salle reciben o seu nome de san Xoán Bautista de La Salle, quen, a finais do século XVII, se asociou cuns mestres para manter escolas dedicadas aos nenos pobres. Con eles fundou o Instituto dos Irmáns das Escolas Cristiás.



Grazas a aquelas intuicións primeiras e ao gran amor despregado por miles de educadores que se inspiran na vida de Xoán Bautista de La Salle, actualmente, en máis de 80 países, un millón de nenos e mozos reciben o gran beneficio da educación en Obras Educativas La Salle. No Distrito Arlep 78.000 nenos e mozos repartidos en 120 obras educativas participan no Proxecto Lasaliano.

Consideramos Obra Educativa a cada un dos ámbitos nos que se desenvolve a misión lasaliana na actualidade. Neste concepto entran os Colexios, as Institucións Universitarias, as Obras Socioeducativas...

Toda Obra Educativa La Salle traballa en rede coas demais obras que comparten o mesmo proxecto.









## **2. *A nosa identidade e Misión***

---

### **2.1- Proposta cristiá e lasaliana**

La Salle fundamenta a súa acción educativa na concepción cristiá da persoa e do mundo e participa da misión evangelizadora da Igrexa Católica. Asumimos o desafío constante de ofrecer un proxecto de evangelización: o centro é a persoa; o horizonte que o orienta é Xesús e o seu Evanxeo.

### **2.2 - Ao servizo da nenez e mocidade**

A misión da escola lasaliana é a educación humana e cristiá dos nenos e mozos, cunha sensibilidade especial cara a aqueles que máis o necesitan. Esta preferencia vénnos do carisma lasaliano. A Comunidade Educativa Lasaliana séntese responsable de ofrecer as respostas creativas máis adecuadas ás súas necesidades.

### **2.3 - Ao servizo da sociedade**

O Proxecto Educativo Lasaliano está ao servizo da sociedade. Por iso, comprometémonos na construción dunha sociedade máis xusta e solidaria e desenvolvemos unha conciencia social crítica e comprometida en todos os membros da Comunidade Educativa. Queremos dar resposta ás realidades sociais e ser elemento transformador das mesmas mediante a solidariedade e a promoción do voluntariado, en colaboración con outros organismos.

Toda Obra Lasaliana exerce a súa acción educativa enraizada na realidade, cultura, costumes e tradicións do lugar onde se sitúa. Ofrécese como proposta educativa, respectuosa coas conviccións persoais; expresa o seu compromiso pola integración social das persoas de diferentes culturas e relixións que acoden a ela. Entende a diversidade como elemento que enriquece a Comunidade.

As Obras Lasalianas queren ser escola para a vida. Por iso coidan con especial esmero as relacións coa súa contorna social, cultural, económico, eclesial e natural.







## 3. *Estilo educativo*

---

### 3.1- Proposta de Educación en Valores

Cremos firmemente nos valores que están presentes na nosa tradición e seguen configurando a nosa proposta educativa.

Todos os membros da Comunidade Educativa estamos chamados a adoptar unha actitude positiva ante eles, a asumilos e a deixar que configuren a nosa experiencia vital.

Esta proposta concrétase, de modo especial, nos seguintes valores: responsabilidade, creatividade, xustiza, convivencia, interioridade e transcendencia.

Tamén educamos noutros valores que complementan e completan a globalidade da nosa acción educativa.

Esta é a nosa proposta:

#### **A - Suscita a responsabilidade**

Axudamos os nenos e mozos a descubrir o sentido do esforzo, do deber, a asunción do traballo como enriquecemento da propia persoa e como achega valiosa á sociedade. Invitámoslos a tomar decisións coherentes cos seus valores e crenzas, conscientes das súas obrigacións e das consecuencias que delas se derivan.

Na Obra Educativa La Salle atopan oportunidades para exercer a súa responsabilidade: fidelidade á palabra dada, esixencia e rigor no traballo persoal, participación na vida escolar, cooperación a favor do bo clima na Obra Educativa, desenvolvemento de hábitos de orde e puntualidade.

#### **B - Desenvolve a creatividade**

Contribuímos ao crecemento persoal estimulando a capacidade de creación, de iniciativa e de mirar a realidade desde ópticas diversas que permitan ofrecer as respostas máis adecuadas.

Os nenos e mozos atopan oportunidades para alcanzar a súa autonomía, o desenvolvemento da orixinalidade, a intuición, o espírito innovador e o espírito crítico. Todo iso é necesario para ter flexibilidade de pensamento, aprecio da dimensión estética e para a construción do seu proxecto persoal.

#### **C - Estimula a convivencia**

Impulsamos a aceptación mutua, a cooperación, as relacións fraternas, a sensibilidade ante as distintas realidades que nos rodean, o respecto das opinións e de toda crenza, idea, costume ou realidade persoal.

Na nosa sociedade multicultural e multirreligiosa, damos especial importancia a aspectos tales como: o respecto á diversidade e singularidade das persoas, valorar a diferenza como posibilidade de enriquecemento, a participación no exercicio democrático, a igualdade, a creación de lazos entre as persoas, o aprecio da propia cultura como fonte de enriquecemento persoal e grupal -nunca como causa de exclusión-. A fraternidade convértese no clima que envolve toda a actividade educativa.



## **D - Promove a xustiza**

A escola lasaliana ten como meta que os nenos e mozos coñezan, interpreten e transformen o mundo, é dicir, que sexan persoas e cidadáns responsables. Insistimos na importancia da ecoloxía e do respecto á integridade da creación, a paz, os Dereitos Humanos e do Neno e a cooperación desinteresada para o logro do ben común.

Educación en e para a xustiza, a paz e a solidariedade supón para nós achegar os nenos e mozos ás realidades concretas das persoas máis vulnerables. Desde esa proximidade facilitamos o seu coñecemento, potenciamos a sensibilidade, o estudo e a reflexión en torno a elas. Axudamos a que se formulen as preguntas adecuadas e descubran as respostas que os leven a actuar individual e colectivamente en accións sociais. Favorécese a adhesión a proxectos solidarios e o compromiso de toda a Comunidade Educativa a través das Obras Socioeducativas e as ONGD lasalianas.

## **E - Cultiva a interioridade**

Estamos convencidos de que no máis profundo de cada persoa debe construírse un proxecto de vida no cal formen un todo harmónico as ideas, a dimensión corporal, as emocións, as crenzas, os valores e os comportamentos.

10

Queremos que os nosos nenos e mozos, desenvolvan as competencias de aprender a ser cada vez máis reflexivos, optar con criterios éticos e ler a realidade desde un plano máis aló do anecdótico. Con ela deben gañar en dimensión simbólica, en ser capaces de integrar o silencio nas súas vidas, cultivar o compromiso e unificar a súa persoa.

Para o desenvolvemento desas competencias, potenciamos a autoestima; a expresión das vivencias e emocións; a capacidade de empatía, admiración, acougo e silencio; o desexo de autenticidade, o agradecemento, a sinceridade e a reflexión.

Con todo iso, queremos que a escola sexa para os nosos alumnos e alumnas unha experiencia feliz.

## **F - Abre á transcendencia**

A escola lasaliana propón, invita e axuda a toda a Comunidade Educativa a descubrir a súa dimensión transcendente. Como escola cristiá posibilita vivir a experiencia crente e o seu compromiso cristián na Igrexa desde o Evanxeo e os valores de Xesús de Nazaré descubertos en itinerarios de crecemento persoal no seo da comunidade.

Os alumnos, desde a invitación e o respecto ás opcións persoais, atopan oportunidades para escoitar e acoller a Palabra, facer seus os valores evanxélicos, vivir o seu propio itinerario persoal acompañado por adultos, e celebrar a súa fe e o seu compromiso.



## 3.2 - Proceso de Educación na Fe

O fin principal das nosas Obras Educativas é a evanxelización. Educamos evanxelizando e evanxelizamos educando. Achegamos o noso carisma á misión da Igrexa. Os destinatarios da misión son todas e cada unha das persoas que compoñen as nosas Comunidades Educativas. Pais, nais, educadores, alumnos e outros colaboradores son á vez protagonistas e destinatarios da nosa acción evanxelizadora.

### A.- A Pastoral como proxecto

Entendemos a pastoral como un proxecto que dá sentido e coherencia ao marco educativo das obras La Salle e cuxo fin é acompañar no proceso de ser e facerse persoa: a procura do sentido da vida.

A pastoral lasaliana propón os valores de fe, fraternidade e servizo a través da proximidade, a personalización, o acompañamento e o compromiso cos necesitados, partindo do humanismo cristián e dos valores do Evanxeo, en comunión coa Igrexa local e universal.

### B.- Ensino relixioso escolar

As Obras Educativas La Salle apostamos por un Ensino Relixioso Escolar de calidade que fomenta o coñecemento explícito de Xesús de Nazaré e o seu evanxeo, o diálogo fe-cultura, axuda á análise crítica da sociedade e dos seus valores, achega cultura relixiosa, social e histórica aos nosos alumnos na súa maduración como persoas e na fe como cristiáns para que poidan facer opcións persoais na construción dun mundo máis fraterno, solidario, xusto e pacífico dentro dunha sociedade cada vez máis plural.

### C.- A Pastoral como experiencia

#### C1.- Celebrar a fe

Propoñemos momentos intensos de celebración da fe, unha fe compartida que comunique a experiencia de xeito significativo e unha fe encarnada en cada itinerario vital. Por iso a educación da interioridade, as celebracións de signos e símbolos, a iniciación aos sacramentos e o compartir a fe desde elementos claves relacionados coa linguaxe, a estética, a emoción, a relación... teñen sentido e prioridade nas Obras Educativas La Salle.

#### C2.- Construír a fraternidade

O estilo fraterno nas relacións maniféstase no ambiente acolledor que viven os integrantes da Comunidade Educativa. O encontro co outro é o que fai que sexamos como somos. É o encontro co outro o que nos leva a Deus que está, vive e se manifesta en nós.

O camiño que debe percorrer un proxecto educativo evanxelizador ten un nome: comunidade. En realidade, meta e camiño coinciden na comunidade. A comunidade representa o contido e o método do noso proxecto educativo

En primeiro lugar, como Comunidade Educativa que afronta o reto de dar educación humana e cristiá e de responder ás necesidades sociais da contorna. En segundo lugar, como comunidade cristiá que vive, comparte e celebra a súa fe na misión educativa.



### **C3.- Vivir o servizo**

As accións solidarias que se realizan na Obra Educativa La Salle responden a un plan de educación para a xustiza e a solidariedade. Ese plan posibilita coñecer a realidade social, interpretala e invitar a actuar na mesma.

As campañas solidarias, as iniciativas de voluntariado, os campos de traballo... nacen e crecen como respostas acompañadas no proceso de crecemento e maduración dos nenos, novos e adultos e facilitan retos de compromiso persoal.

### **C4.- Personalización e acompañamento**

Esforzámonos en acompañar itinerarios vitais nas Obras Educativas ofertando propostas de procesos catecumenais, de compromiso social, obradoiros de solidariedade e voluntariado, participación activa en ONGD, educación para o lecer e o tempo libre...

Todo itinerario pastoral é vocacional e debe acompañarse para axudar a descubrir as respostas aos interrogantes que como persoas e como cristiáns nos facemos ao longo da nosa vida.





### 3.3 - Estilo pedagógico

#### A. Coherencia e renovación

A nosa pedagogía réxese por criterios que buscan a calidade educativa, a resposta ás necesidades dos alumnos, o rigor científico, o traballo cooperativo, a autonomía responsable e a sintonía cos avances tecnolóxicos e as metodoloxías didácticas máis eficaces.

Fomentamos a formación, a actualización permanente e a creatividade do profesorado para responder aos retos educativos con total profesionalidade, sentido de equipo e eficacia docente.

#### B. Educación centrada na persoa

A persoa é o centro de toda a acción educativa. Fomentamos a personalización na formación, o coñecemento do neno e mozo e o acompañamento no seu proceso de aprendizaxe que conduzan ao desenvolvemento de todas as súas potencialidades.

Axudamos a cada un a ser consciente dos seus esforzos, éxitos ou dificultades na aprendizaxe; así como a que saiba apreciar e estimar as axudas e medios que se lle proporcionan. Consideramos que todo avance se apoia na esixencia persoal e no esforzo constante, orixe da súa propia estima.

#### C. Atención á diversidade

Optamos pola educación inclusiva. Orientamos a nosa educación cara ao desenvolvemento integral de cada persoa, respectando os seus ritmos e capacidades; atendemos á diversidade de situacións, ofrecendo a cada un oportunidades para o seu pleno desenvolvemento.

As características persoais, familiares e sociais dan orixe a situacións de nenos e mozos que implican unha atención personalizada. Para lograla, e tamén para que cada neno e mozo atope persoas e lugares de acollida, ofrecemos todos os recursos dispoñibles: tutoría individual e grupal, servizo de orientación, programas de integración e dinámicas adecuadas para a atención á diversidade.

#### D. Desenvolvemento integral

A nosa proposta pedagóxica quere responder aos catro aprendizaxes básicas: aprender a coñecer, a facer, a ser e a convivir.

Ten como referencia o desenvolvemento das intelixencias múltiples e ofrece dinamismos adecuados para o desenvolvemento das competencias que faciliten a coherencia entre a aprendizaxe desenvolvida na escola e as capacidades que a sociedade demanda.

Cada neno e mozo ten a oportunidade de desenvolver todas as súas habilidades cognitivas e de adquirir unha sólida cultura. Isto tradúcese no logro dunha crecente autonomía, na seguridade ante diversas situacións, na capacidade para enfrontarse á adversidade, no sentido ético e no desexo de aprender durante toda a vida.



## **E. Pedagogía innovadora: Aprendizaxe Cooperativa e Programas La Salle**

A Obra Educativa La Salle entende a educación como un proceso de ensino - aprendizaxe no que os alumnos son os principais protagonistas da súa propia formación e crecemento persoal. Mediante a Aprendizaxe Cooperativa e por Proxectos, xunto aos Programas La Salle de Estimulación e Desenvolvemento de Capacidades, desenvolvemos unha pedagogía innovadora, con procesos que aseguran o acompañamento, a avaliación e mellora continua destes programas.

## **F. Tecnoloxías da Información e da Comunicación**

As Obras Educativas La Salle incorporan de modo constante os avances tecnolóxicos poñéndoo ao servizo da dinámica pedagóxica no proceso de ensino - aprendizaxe, da relación cos alumnos e as súas familias e da organización interna en favor da mellora continua da calidade educativa. Apostamos por elas como unha dinámica clave para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade.

Formamos no uso das ditas tecnoloxías desde a valoración crítica, facendo prevalecer os valores persoais, éticos e relacionais sobre o puramente técnico.

## **G. Ensino de idiomas e formación na comunicación**

As Obras Educativas La Salle potencian a aprendizaxe dos idiomas, os proxectos plurilingües e desenvolven programas axeitados para iso, ofrecendo experiencias variadas. Axudan a coñecer e apreciar as distintas linguaxes, para saber expresarse e enriquecer a comunicación.

Proporcionan as claves para comprender os códigos e símbolos que usan as diferentes culturas, para valorar e interpretar as súas mensaxes e comprometerse no seu desenvolvemento. As nosas respostas, creativas e plurais, preparan para responder eficazmente aos cambios incesantes que se producen na sociedade.





## H. Educar a conciencia crítica

A educación lasaliana axuda os nenos e mozos a percibir o mundo circundante e os feitos que nel se producen con sentido crítico, para saber descubrir os valores e contravalores que encerra a sociedade plural. A reflexión diaria da mañá e a titoría son tradicións lasalianas e unha forma de manter os alumnos atentos á realidade da vida e aos seus diversos significados.

## I. Educar para o lecer e o emprego do tempo libre

Entendemos a actividade educativa como “escola a tempo completo”. Non se limita nin ao tempo nin ao espazo escolar; realízase en cooperación con outras institucións.

Por iso, potenciamos o uso formativo dos medios de comunicación, a Educación no Tempo Libre, a práctica do deporte, a organización de grupos e asociacións, o voluntariado. Damos canle ás posibilidades de entretemento, de compromiso social e de vivencia espiritual.

## J. Avaliación da proposta educativa

Na Obra Educativa La Salle a avaliación ocupa un lugar importante como medio de diálogo, de comprensión, revisión e mellora da práctica educativa para responder mellor ás necesidades actuais.

Promovemos unha reflexión permanente sobre a nosa proposta educativa. Mediante esta avaliación, recolleemos a información precisa sobre a dinámica da Obra Educativa, os procesos desenvolvidos, os resultados e sobre outros aspectos educativos.

Desenvolvemos unha Avaliación Institucional sistemática para garantir a fidelidade da Obra Educativa La Salle ao carisma lasaliano.









## 4. A Comunidade Educativa

### 4.1 - Sentido da pertenza e estilo fraterno

A Comunidade Educativa dinamiza a Obra Educativa lasaliana. Nela séntense integrados a Entidade Titular, os educadores, outros profesionais, Persoal de Administración e Servizo, animadores de actividades pastorais, deportivas, de tempo libre, extraescolares, voluntarios, os alumnos, os pais, nais e titores e outras asociacións ligadas á Obra Educativa.

Todos se senten responsables do espírito e boa marcha da Obra Educativa.

Priviléxíase unha dinámica de relacións baseada no respecto, a confianza mutua e o estilo fraterno, selo tradicional de identidade lasaliana. Todo iso conduce á creación dun ambiente acoledor para todas as persoas que a integran.

Así entendemos a participación de cada grupo da Comunidade Educativa

#### **A. Entidade Titular**

A Entidade Titular garante a fidelidade ao Carácter Propio e á identidade da proposta educativa que ofrece á sociedade exercendo a última responsabilidade da Obra Educativa ante a Igrexa, a sociedade, os poderes públicos e o conxunto da Comunidade Educativa.

#### **B. Os alumnos e alumnas**

Os alumnos son o centro da Comunidade Educativa, a razón de ser da escola lasaliana. Crecen nun clima de seguridade, proximidade e liberdade responsable, sentíndose aceptados, respectados e queridos por todos os membros da comunidade. A súa participación activa na vida escolar, de modo especial a través dos órganos de participación, é un sinal de maduración e de integración na vida da sociedade. Comprométense coa súa contorna e capacítanse para ser protagonistas da súa vida e transformadores da sociedade.

#### **C. Os Educadores, animadores do proceso educativo**

Son educadores todas as persoas que participan, dun modo ou outro, en facer realidade o Proxecto Educativo. Neles e por eles faise realidade día a día o soño lasaliano. O seu papel como pedra angular do proxecto merece o respecto e a valoración da Comunidade Educativa. Consideramos como tales a:

##### **C.1 Profesores e outros profesionais**

Cada un deles é consciente da importancia da súa achega no Proxecto Educativo. Son os primeiros responsables da calidade dos procesos educativos e da súa formación.



A súa función mediadora favorece a acollida, a comprensión e o acompañamento. Favorece o talante positivo, optimista e amable dentro da Comunidade Educativa. Traballa en clave de equipo na súa relación coas familias, cos seus compañeiros docentes e outros educadores. A súa tarefa educativa afecta a todos os aspectos da vida de cada alumno. A forza do seu testemuño é a maior garantía dos valores que desexa transmitir.

### **C.2 Persoal de Administración e Servizo**

As persoas que desempeñan labores de Administración e Servizo comparten a misión de educar os nenos e mozos. O trato amable, a dedicación ao traballo e a palabra atenta, son os instrumentos da súa pedagogía e o testemuño de vida que os alumnos perciben e aprecian. Son o rostro visible do estilo da escola.

### **C.3 Outros colaboradores**

Na nosa escola teñen un papel importante todas as persoas que completan a educación dos nenos e mozos desde a animación de actividades pastorais, de tempo libre, deportivas, extraescolares e desde o voluntariado nas Obras Socioeducativas e nas ONGD lasalianas... En todas elas atopan oportunidades para a súa formación e acompañamento.

Estas persoas son parte do mesmo Proxecto Educativo ao que perciben como signo de esperanza para toda a sociedade e para as súas propias vidas.

18

## **D. As familias**

Os pais, nais ou titores legais, son como os primeiros educadores dos seus fillos.

Asumen o Proxecto Educativo e implícanse nas propostas que lles afectan para o desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas e desenvolven relacións de colaboración e cooperación cos demais integrantes da Comunidade Educativa.

As relacións entre as familias e os titores e demais educadores da Obra Educativa baséanse na confianza e o respecto mutuo. A Obra Educativa La Salle acompaña as familias, alenta a súa participación e favorece a coherencia entre a educación familiar e a que propón a Obra Educativa.

## **E. Outros grupos, asociacións...**

Nas Obras Educativas La Salle existen Asociacións (de pais e nais, de Antigos Alumnos, de tempo libre, culturais, relixiosas...) que se senten identificadas co Proxecto Lasaliano e se implican en completar, desde o seu ámbito particular, a oferta de educación integral aos alumnos e os demais membros da Comunidade Educativa.













## 5. Participación na xestión

Promovemos e dinamizamos espazos para o coñecemento e a participación de todos os membros da Comunidade Educativa. Prestamos especial atención ás dinámicas relacionadas coa implicación das familias (Consello Escolar, Asociacións de Nais e Pais, Escola de Familias...).

Porque cremos na dinámica comunitaria da nosa proposta educativa creamos os contextos que fan posible a achega de todos os estamentos da Comunidade Educativa, a súa cooperación no desenvolvemento do proxecto compartido e o seu compromiso no desenvolvemento do protagonismo que lles corresponde. Todo iso permítenos crecer desde:

- O respecto e Identificación co Carácter Propio das Obras Educativas La Salle.
- A corresponsabilidade nas tarefas que lles son propias e en levar a cabo as decisións que se tomen aceptando as consecuencias que delas se deriven.
- A representatividade pola que todos os membros da Comunidade Educativa teñen a posibilidade de intervir no proceso que conduce á adopción de decisións, a través dos órganos participativos do estamento que representan, segundo a lexislación vixente.

O Regulamento de Réxime Interior das Obras Educativas La Salle recolle o conxunto de acordos que regulan o seu funcionamento e garanten a axeitada coordinación de todos os estamentos e persoas que forman a Comunidade Educativa.









